



VENRES, 2 DE FEBREIRO DE 2024 VIERNES, 2 DE FEBRERO DE 2024 | BOP NÚMERO 25

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personal

*Nomeamento auxiliar de biblioteca, oficina de información xuvenil e arquivo (persoal laboral fixo)*

##### ANUNCIO

Expediente núm. 2022/E001/000017

No procedemento de referencia, relativo á convocatoria para a provisión dunha praza de auxiliar de biblioteca, oficina de información xuvenil e arquivo (persoal laboral fixo), o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos ditou o Decreto 200/2024, do 29 de xaneiro, que na súa parte dispositiva (o DNI amósase cifrado), que inclúe o pé de recursos, resolve:

**“1. Nomear a Rocío Pascual del Valle**, titular do DNI \*\*\*2919\*\*, persoal laboral fixo do Concello das Pontes de García Rodríguez, coa categoría de auxiliar de biblioteca, oficina de información xuvenil e arquivo, grupo profesional asimilado ao subgrupo **C2**, con contrato a tempo completo.

A aspirante nomeada deberá formalizar o contrato de traballo no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

**2. Publicar** o anuncio do presente nomeamento no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP do presente nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 30 de xaneiro de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/671